

1º EXERCICIO: PARTE COMÚN

INSTRUCCIÓN:

- 1.- Non abra nin lea o interior deste caderno ata que se lle indique.
- 2.- Esta proba consiste nun cuestionario non eliminatorio sobre o contido da parte común do programa, de 10 preguntas tipo test con 2 de reserva, que deberán ser contestadas a continuación do recadro "Común" entre os números C1 e C12, da "FOLLA DE RESPOSTAS".
- 3.- O tempo total de realización do exercicio, é de **15 minutos**.
- 4.- Todas as preguntas teñen catro respostas alternativas, sendo unha a correcta. As respostas correctas sumarán **0,50** puntos, as non contestadas non terán valoración algunha e as contestadas erroneamente restarán **0,125** puntos.
- 5.- Comprobe sempre que o número de resposta que sinale na "FOLLA DE RESPOSTAS" é o que corresponde ao número da pregunta do cuestionario.
- 6.- Este cuestionario debe utilizarse na súa totalidade como borrador das respostas elixidas, para non marcar unha resposta ata estar totalmente seguro/a.
- 7.- A resposta correcta marcarase cun **X** ben feito dentro dos límites do recadro. De ter que anular algunha resposta, o recadro da resposta que se marcou incorrectamente ten que encherse por completo.

Unha vez que se anule, xa non poderá recuperarse de novo dita opción de resposta.
- 8.- Ao rematar o seu exercicio, coloque este cuestionario no chan e espere as indicacións para realizar a continuación o seguinte exame, en unidade de acto. Cando finalice todos os exercicios deberá entregar a "FOLLA DE RESPOSTAS" no lugar que lle indique a organización, onde lle entregarán a última folla autocopiativa. Ao abandonar o recinto **NON** poderá levar ningún cuestionario de preguntas. O Servizo Galego de Saúde facilitaralle o acceso aos mesmos a través da páxina web: www.sergas.es, logo de finalizados os tempos de exame.

**LEA DETIDAMENTE AS INSTRUCCIÓNS
QUE FIGURAN NO REVERSO DA FOLLA DE RESPOSTAS
PARA O SEU CORRECTO ENCHEMENTO**

1. Dacordo co previsto no artigo 4 do Decreto 206/2005, de provisión de prazas de persoal estatutario do Servizo Galego de Saúde, sinala cal dos seguintes NON é un sistema de provisión de prazas:

- A) Promoción interna.
- B) Mobilidade.
- C) Carreira profesional.
- D) Reingreso provisional ao servizo activo.

2. O artigo 6 da Lei 14/1986, do 25 de abril, Xeral de Sanidade, establece que as actuacións das Administracións Públicas estarán orientadas a:

- A) A garantir que cantas accións sanitarias se desenvolvan estan dirixidas á prevención de enfermidades e non só á curación das mesmas.
- B) A garantir a información sobre os servizos sanitarios.
- C) A promover o interés colectivo mediante a educación da poboación.
- D) A garantir que os cidadáns obteñan os medicamentos e produtos sanitarios que consideren necesarios para a saúde.

3. De conformidade coa Lei 3/2001, reguladora do consentimento informado e da historia clínica dos pacientes, no consentimento por substitución, no caso dos familiares, darase preferencia, no caso de que existan:

- A) Ao cónxuxe ou parella de feito.
- B) Proxenitores.
- C) Descendentes maiores de idade.
- D) Familiares de primeiro grao por consanguinidade.

4. A Lei 31/1995, do 8 de novembro, de prevención de riscos laborais, establece que se considerarán como "danos derivados do traballo":

- A) As enfermidades profesionais.
- B) As lesións ou enfermidades sufridas a consecuencia dun accidente de traballo.
- C) As enfermidades, patoloxías ou lesións sufridas con motivo ou ocasión do traballo.
- D) As lesións físicas producidas no lugar de traballo ou durante o desprazamento na entrada e saída do mesmo

5. A Lei 55/2003, do Estatuto Marco do persoal estatutario, no seu artigo 6 e atendendo ao nivel académico do título esixido para o ingreso, clasifica ao persoal estatutario sanitario:

- A) Facultativos especialistas de área e diplomados universitarios de enfermaría
- B) Facultativos, diplomados sanitarios y técnicos.
- C) Persoal de formación universitaria e persoal de formación profesional.
- D) Licenciados, graduados e técnicos superiores.

6. Segundo a Lei 8/2008, de saúde de Galicia, o Servizo Galego de Saúde:

- A) Non é un organismo autónomo.
- B) Ten por obxecto a prestación directa de servizos de saúde pública.
- C) Está dotado de personalidade xurídica propia e plena capacidade para o cumprimento dos seus fins.
- D) Está adscrito ao Consello da Xunta.

7. Conforme á Lei 3/2001, reguladora do consentimento informado e da historia clínica dos pacientes, os datos relativos ao proceso nunha historia clínica deben incluír polo menos:

- A) Ordes médicas.
- B) Informe sobre os procedementos diagnósticos ou terapéuticos e interconsultas realizadas.
- C) Folla de evolución e planificación de coidados de enfermaría.
- D) Todas as respostas son correctas.

8. Segundo o artigo 67 da Lei 55/2003, do 16 de decembro, do Estatuto Marco do persoal estatutario dos servizos de saúde, o tempo que o persoal estatutario permaneza en situación de excedencia voluntaria:

- A) Computa a efectos da carreira profesional.
- B) Computa a efectos de trienios.
- C) Computa a efectos de carreira profesional e trienios.
- D) Non computa a efectos de carreira profesional nin de trienios.

9. Os aspirantes nomeados tras a superación dun proceso selectivo de persoal fixo deberán incorporarse ao destino adxudicado:

- A) No prazo dun mes desde o día seguinte á publicación da resolución no Diario Oficial de Galicia.
- B) Ao día seguinte da publicación da resolución no Diario Oficial de Galicia.
- C) O día da publicación da resolución no Diario Oficial de Galicia.
- D) No prazo de 15 días desde a publicación da resolución no Diario Oficial de Galicia.

10. O sistema público de saúde de Galicia ordénase territorialmente en:

- A) Áreas de xestión integrada e comarcas sanitarias.
- B) Áreas sanitarias, distritos sanitarios e zonas sanitarias.
- C) Áreas de saúde e zonas básicas de saúde.
- D) Áreas de atención hospitalaria e distritos de atención primaria.

Preguntas de reserva

1. Aos efectos da Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero, a situación de violencia acreditarase mediante:

- A) Sentenza de calquera orde xurisdiccional que declare que a muller sufriu violencia en calquera das modalidades definidas na Lei.
- B) Certificación ou informe dos servizos sociais e/ou sanitarios da Administración pública autonómica ou local.
- C) Certificación dos servizos de acollida da Administración pública autonómica ou local.
- D) Todas as respostas anteriores son correctas.

2. De conformidade co artigo 1 da Lei 14/1986, do 25 de abril, Xeral de Sanidade, son titulares do dereito á protección da saúde e á atención sanitaria:

- A) Todos os españois.
- B) Todos os españois residentes en territorio nacional e en situación de alta na Seguridade Social.
- C) Todos os españois e os cidadáns estranxeiros que teñan establecida a súa residencia no territorio nacional.
- D) Todos os españois e os cidadáns estranxeiros que teñan establecida a súa residencia na Unión Europea.